



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Comunidades migrantes galegas en América e Europa		Código	615472106
Titulación	Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	2
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinación	Oso Casas, Laura	Correo electrónico	laura.oso@udc.es	
Profesorado	Oso Casas, Laura	Correo electrónico	laura.oso@udc.es	
Web	http://esomi.es/index.php/es/			
Descrición xeral	Os obxectivos do curso consisten en: 1. Estudar o desenvolvemento dos movementos migratorios galegos no contexto dos grandes movementos migratorios cara a América e Europa 2. Coñecer a evolución e composición dos fluxos migratorios cara a América e Europa (orixe e destino, variables sociodemográficas, etc.) 3. Coñecer as características económicas, sociais e demográficas da sociedade galega, na era da emigración masiva e na década dos 60, como principal lugar de emisión de emigrantes 4. Analizar a integración e inserción das comunidades galegas no exterior, incluíndo a perspectiva de xénero 5. Analizar a construción e evolución da identidade galega no exterior desde un enfoque interxeracional, a nivel familiar e institucional (asociacións e centros rexionais) 6. Estudar o retorno dos galegos e a inmigración dos seus descendentes en Galicia 7. Analizar o impacto da crise económica na reactivación das cadeas migratorias de galegos			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os límites epistemolóxicos do estudo das migracións internacionais e a natureza esencialmente política que sostén a definición e identificación do fenómeno migratorio.
A2	Relativizar e valorar as intensidades observadas dos movementos migratorios, desde unha perspectiva comparativa e contextualizada histórica e culturalmente
A3	Relativizar e valorar o impacto das migracións internacionais nas sociedades de orixe e destino en función do cambio social que xeran, dos intereses en xogo, e da construción social das identidades culturais
A4	Profundidade na análise dos movementos migratorios asociados á historia e á situación actual de Galicia, como orixe e como destino
A5	Comprender os argumentos filosóficos e xurídicos tras as distintas perspectivas sobre as migracións internacionais e as problemáticas sociais que xeran.
A6	Dominar as principais fontes de documentación estatística e bibliográfica que lle permita manterse informado e iniciar e programar estudos exploratorios sobre temáticas relacionadas coas migracións internacionais
A7	Coñecer as virtudes e as limitacións das principais fontes e indicadores estatísticos para a descrición dos movementos migratorios en distintos contextos territoriais e na súa evolución temporal
A8	Comprender o potencial das distintas técnicas de investigación social para o estudo das migracións internacionais así como os condicionamentos deontolóxicos profesionais.
A9	Manexar os conceptos fundamentais no estudo das migracións internacionais
A10	Coñecer suficientemente os autores e traballos de maior relevancia académica e profesional
A11	Ter suficiente capacidade de abstracción para presentar o fenómeno migratorio dende unha perspectiva macro-sociolóxica e na súa relación máis ampla coa estrutura social e o mercado de traballo



B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
B7	Resolver problemas de forma efectiva
B8	Comunicarse de xeito efectivo nun ámbito de traballo
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa
B10	Traballar de forma colaboradora
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
B12	Capacidade para interpretar, seleccionar e valorar conceptos adquiridos noutras disciplinas do ámbito social
B13	Capacidade para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, que doten dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións
C1	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
1. Coñecer o contexto galego no marco dos movementos migratorios en España, o perfil dos emigrantes e o contexto das principais sociedades receptoras. Identificar a importancia das cadeas migratorias, como ferramenta facilitadora da migración e a súa posterior inserción nos países de acollida, así como xeradora dela identidade española no exterior. Identificar e valorar o impacto que la emigración tivo en Galicia.	AM1	BM1	CM5
	AM2	BM3	
	AM3		
	AM4		
	AM5		
	AM7		
	AM9		
2. Identificar a complexidade migratoria de Galicia actual consecuencia da emigración histórica en Galicia (tipoloxía da inmigración). Analizar o impacto que a crise ten nos movementos migratorios galegos.	AM1	BM1	CM5
	AM2	BM3	
	AM4	BM6	
	AM6		
	AM7		
	AM9		
	AM11		
3. Coñecer as investigacións que abordan os movementos migratorios galegos desde diferentes disciplinas, desde unha perspectiva de xénero e xeracional. Coñecer e dominar as diferentes metodoloxías, utilizadas para o estudo das migracións.	AM1	BM1	CM1
	AM2	BM2	CM5
	AM4	BM3	
	AM5	BM12	
	AM6	BM13	
	AM7		
	AM8		
	AM9		
	AM10		
	AM11		



4. Interpretar os coñecementos teóricos e prácticos, relacionar as migracións a América e Europa co contexto migratorio galego actual. Ser capaz de comunicalos de forma oral e por escrito.	AM1	BM1	CM1
	AM2	BM2	CM5
	AM3	BM3	
	AM4	BM7	
	AM5	BM8	
	AM6	BM9	
	AM8	BM10	
	AM9	BM11	
	AM10	BM12	
	AM11	BM13	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Os movementos migratorios cara a América	- Contexto galego - Principais países de acollida e o seu contexto social, económico e político - Perfil dos emigrantes: económicos e políticos, orixe social, sexo e idade
2. Os movementos migratorios cara a Europa	- Contexto galego - Principais países de acollida e o seu contexto social, económico e político - Perfil dos emigrantes: económicos e políticos, orixe social, sexo e idade
3. A integración das comunidades migrantes en América e Europa	- As cadeas migratorias e o seu papel en: - A elección do destino migratorio - A inserción laboral - A integración laboral -A integración e inserción no mercado de traballo segundo xénero da poboación galega -A integración dos descendentes de emigrantes nados no exterior -A identidade española no exterior
4. As investigacións sobre comunidades migrantes galegas en América e Europa	En América: os casos de Cuba e Arxentina En Europa: Francia e Suíza
5. Galicia ?un lugar migratorio?	- A tipoloxía da inmigración en Galicia: retornados, descendentes e inmigrantes estranxeiros - Evolución, composición e tendencia da inmigración en Galicia - O impacto da crise económica e a reactivación das cadeas migratorias.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 B2 B3 B6 B8 B10 B11 B12 C1 C5	9	0	9
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 B7 B9 B12 B13 C1	0	15	15
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 B1 B12 B13 C5	16	0	16



Atención personalizada		10	0	10
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Levaranse a cabo discusións en clase, en base ao material facilitado polas profesoras: lecturas, datos estatísticos, documentais ou películas. Os alumnos de modalidade online, tamén participarán desta metodoloxía, mediante o uso das novas tecnoloxías. Os documentos e material para a discusión dirixida serán compartidos a través da plataforma Moodle.
Traballos tutelados	A materia avaliarase a través da realización dun traballo escrito individual, no que se relacionarán os diferentes contidos da materia (teóricos e prácticos) As instrucións para a realización do traballo entregaranse ao comezo da materia e compartiranse a través da plataforma Moodle. Tanto na modalidade presencial como online, guíase ao alumnado na realización do traballo tutelado, mediante a atención personalizada.
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia ás sesións maxistras. Esíxese un mínimo do 70% para os/as alumnos de modalidade presencial. Durante as sesións maxistras traballaranse activamente os contidos do programa, integrando a exposición docente cos debates dirixidos. A asistencia non será computada no caso do alumnado en modalidade non presencial, nese caso debe contactar coas profesoras co fin de establecer un sistema de comunicación e participación virtual por medio de Moodle ou doutras vías de comunicación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Para o desenvolvemento do traballo tutelado, recoméndase a consulta cos profesores, co fin de acordar os criterios de calidade que procede empregar, e os obxectivos que debe alcanzar o alumnado para superar a avaliación. Estas consultas faranse por medio de tutorías, persoais ou grupais no horario de tutorías. Ou mediante o uso das novas tecnoloxías de comunicación (skype) para os alumnos en modalidade online. Para facilitar o seguimento dos traballos, admítense e promóvense as consultas por correo electrónico. Co fin dunha mellor atención ao alumnado, recoméndase tanto para as tutorías presenciais como online, a súa concertación previa.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 B7 B9 B12 B13 C1	Se cumpre co mínimo establecido de asistencia rexistrada, o alumno poderá ser avaliado a través dun traballo. Para o devandito traballo estableceranse uns exercicios concretos sobre a temática específica da materia.	100

Observacións avaliación
En caso de non poder acceder ou de non superar a avaliación a través do traballo tutelado, tense dereito a exame da convocatoria oficial, de carácter presencial.
Os alumnos non asistentes realizarán o exame de modo oral mediante unha do TIC dispoñibles para ese efecto.



Fontes de información

Bibliografía básica

- (). .
- Alted, A. y Asenjo, A. (Coords.) (2006). De la España que emigra a la España que acoge. Madrid: Fundación Francisco Largo Caballero
- Cagiao, P. (2007). Os galegos de Ultramar. Arrecife Edicións-La Voz de Galicia
- Castillo, J.C. (1980). La emigración española en la encrucijada: estudio empírico de la emigración de retorno. . Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas (CIS)
- Liñares, X.A. (Coord.) (2009). Hijos y nietos de la emigración española : las generaciones del retorno. Vigo: Grupo España Exterior
- Oso, L. (2004). Españolas en París: estrategias de ahorro y consumo en las migraciones internacionales. Barcelona: Bellaterra
- Oso, L. (Dir.) (2008). Transciudadanos: hijos de la emigración española en Francia. Madrid: Fundación Francisco Largo Caballero
- Oso, L.; Golías, M. y Villares, M. (2008). Inmigrantes extranjeros y retornados en Galicia: la construcción del puente transnacional. Política y sociedad, 45(1), 103-117.
- Oso, L. y Villares, M. (2008). ¿Galegas en Europa: una perspectiva comparada entre Francia y Países Bajos (1950-1990)? . Cid Fernández, X. M.; Domínguez Alberte, X. C. y Raúl Soutelo Vázquez: Migracións na Galicia contemp
- Vázquez, A. (2008). ¿Unha visión xeral da emigración galega contemporánea a América e a Europa?. in Cid Fernández, X. M.; Domínguez Alberte, X. C. y Raúl Soutelo Vázquez: Migracións na Galicia cont
- Yañez, C. (1999). Los mercados de trabajo americanos para la emigración ultramarina. A. Fernández y J. Moya (ed.), La inmigración española en Argentina, Biblos, Buenos Aires
- El tren de la memoria (Documental) (2005) Arribas, M. y Pérez, A. (Directoras) España: L'alguana / Oasis P.C.
- Gallego (Película)(1988) Gómez, M. O. (Director) Coproducción Cuba-España; ICAIC / S.G.Producciones Cinematográficas S.L. Les femmes du 6ème étage / Las chicas de la sexta planta (Película) (2010) Le Guay, P. (Director) Francia: Les Films de la Suane / France 2CinémaTricornia(Documental) (2010). Ángulo, Y. (Director) Cuba: Red Iberoamericana de Masculinidades. Un franco, 14 pesetas (Película) (2005) Iglesias, C. (Director) España: Drive Cine / AdivinaProducciones Vientos de agua(serie de TV) (2005) Campanella, J.J. (Director) Coproducción Argentina-España:100 bares producciones / Tele 5



Bibliografía complementaria	- Aguilera, M J. (2000). La emigración española a América a lo largo del siglo XX. . A Distancia. 18. 1. pp. 201 ? 208 Monográfico, Cambios en la población española a lo largo del sigl - Barnet, M. (1983). Gallego . Instituto Cubano del Libro. Editorial Letras Cubanas. La Habana, Cuba. - Cagiao, P. (2007). Experiencia de Galicia y América Latina. En VII Jornadas de Codesarrollo: Remesas y Desarrollo Local, Lleida. - Da Orden, M.L. (2004). Inmigración española, familia y movilidad social en la Argentina moderna Una mirada desde Mar del Plata (1890-1930).). Ed. Biblos. Colección La Argentina Plural, Buenos Aires. - Da Orden, M.L. (2010). Una familia y un océano de por medio : la emigración gallega a la Argentina, una historia a través de la memoria epistolar. Anthropos, Barcelona - De Cristóforis, N.A. (2006). Ideas y políticas migratorias españolas a fines del Antiguo Régimen: el caso astur-galaico. Anuario de Estudios Americanos, 63, 2, julio-diciembre, pp.117-150. scuela de Estudios Hispano-Ameri - Farías, R. (Coomp.) (2007). Buenos Aires Gallega. Inmigración, pasado y presente. Temas de patrimonio cultural nº 20. Comisión para la Preservación del Patrimonio Cultural de la Ciud - García, M. (2005). La eficacia de las redes y los resultados de los vínculos: las elites de los emigrantes españoles en la Argentina (1862-1923) . Revista Complutense de Historia de América, vol. 31, pp.147-176. Universidad Complutense de Madrid. - Golías, M. (2015). Los herederos de la ciudadanía. Los nuevos españoles a través de la Ley de la Memoria Histórica en Cuba y Argentina. Barcelona: Icaria - González, E. (2009). Redes sociales y emigración: el caso de los marplatenses. . Revista de Indias, 2009, vol. LXIX, n.º 245, pp.199- 224. Instituto de Historia (CSIC), Madrid. - González, E. (2011). Desde Argentina la reincorporación a España de emigrantes españoles y sus descendientes con doble nacionalidad.. Amérique Latine Histoire et Mémoire. Les Cahiers ALHIM, (22). - González, J.C. (2003). Emigración de mujeres gallegas a Cuba: Las Hijas de Galicia. Vigo: Editorial EcoVigo - González, J.C. y Angulo, Y. (). Un origen, dos sexos y vários estereotipos discriminatorios. Red Iberoamericana y Africana de Masculinidades, Universidad de La Habana, Cuba - Hoerder, D. (1995). Mercados de trabajo, comunidad y familia: Um análisis de género del proceso de inserción y aculturación. Estudios Migratorios Latinoamericanos, nº30 pp.249-276. Centro de Estudios Migratorios Latinoamerica - Izquierdo, A. (Ed.) (2011). La migración de la memoria histórica. Barcelona: Bellaterra - Sánchez, B. (1995). Las causas de la emigración española 1880-1930. Madrid: Alianza - Núñez Seixas, X.M (2001). Emigración transoceánica de retorno e cambio social na Península Ibérica: Algunhas observacións teóricas en perspectiva comparada. Santiago de Compsotela: Estudos Migratorios, 11-12 - Soutelo, R. (2001). De América para a casa: correspondencia familiar de emigrantes galegos no Brasil, Venezuela e Uruguai, 1916-1969. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Vidal, J.A. (2006). Cadenas migratorias locales, nichos laborales y empresariales e el colectivo gallego de Cuba: 1899-1959. Revista Complutense de Historia de América. Vol. 32, pp197-2, Madrid. - Vilar, J.B. (2006). La España del exilio. Las emigraciones políticas españolas en los siglos XIX y XX. Madrid: Síntesis FONTES ESTATÍSTICAS: Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro (PERE), Instituto Nacional de Estatística Censo Electoral de Residentes Ausentes (CERA), Instuto Nacional de Estatística Enquisa de Variacións Residenciais (EVR), Instituto Nacional de Estatística Movements migratorios, Instituto Galego de Estatística
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías